

M. Dacosta Alonso (2004): “A coordinación na lingua galega medieval, a través das *Cantigas de Amor e de Escarnio, Os Miragres de Santiago, A Cronica Troiana e A Coronica de Iria*”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 3, 157-176.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

A COORDINACIÓN NA LINGUA GALEGA MEDIEVAL, A TRAVÉS DAS *CANTIGAS DE AMOR E DE ESCARNIO*, *OS MIRAGRES DE SANTIAGO*, *A CRONICA TROIANA* E *A CORONICA DE IRIA*

Marta Dacosta Alonso

IB Mixto de Ribeira

INTRODUCCIÓN

O obxecto deste estudo é analizar o rendemento e o significado da aplicación do mecanismo sintáctico da coordinación na lingua galega medieval a partir de cinco obras que, aínda que conforman un corpus moi limitado, pensamos que nos poden permitir extraer resultados aplicables á lingua medieval en xeral. Preténdese ademais contribuír ao estudo da sintaxe galega e, dentro dela, dos mecanismos de complexización das estruturas simples tales como a coordinación.

Esta comunicación está realizada en base aos resultados obtidos no traballo de investigación que deu lugar a unha tese de licenciatura, *A coordinación no galego medieval*, defendida por esta autora en setembro de 1992 na Universidade de Santiago de Compostela. Nesta tese de licenciatura está a discusión teórica que necesariamente debe preceder un estudio destas características e que non reproduciremos aquí para non facer este traballo máis longo do necesario.

O corpus¹ co que traballamos foi o seguinte: *Cantigas de Amor* e *Cantigas d'Escarnho e mal dizer*, obras líricas, copias de obras orixinais galegas dos anos 1200 a 1350; *Miragres de Santiago*, prosa haxiográfica, tradución de orixinais latinos de finais do XIV, principios do XV; *Crónica Troiana*, prosa de ficción, tradución dun texto castelán, que á súa vez está traducido doutro francés, rematada en 1373, s. XIV; e a *Corónica de Santa Maria de Iria*, obra historiográfica, único texto orixinal galego do noso traballo,

¹ As *Cantigas d'Escarnho e de mal dizer* e os *Miragres de Santiago* formaban parte do corpus da tese de licenciatura: *A coordinación no galego medieval*. En todos os casos foi analizada a totalidade da obra agás nas *Cantigas de Amor* das que só foron estudadas 159 e na *Crónica Troiana* da que só se estudaron 300 dos 416 capítulos.

rematado en 1468, s. XV². O feito de elixirmos este corpus estivo orientado pola necesidade de coñecer o rendemento e o significado da utilización das estruturas coordinativas e as diferencias e/ou similitudes que podían presentar estas obras tan diferentes entre si.

Neste estudio non se tiveron en conta os numerais dado que as estruturas sintácticas contidas neles non ofrecen variacións e polo tanto a información que poidan fornecer non parece en principio pertinente.

O traballo foi complexo pola dificultade inherente á sintaxe medieval, que moitas veces puxo serios atrancos á lectura de determinados parágrafos, algúns dos cales resultaron ser declaradamente escuros. En ocasións, tivemos que prescindir do valor funcional dalgunha conxunción, pois daba lugar a estruturas dificilmente interpretables.

ESQUEMAS DO GALEGO MEDIEVAL

É Simon Dik quen, no capítulo cuarto da súa obra *Coordinations. Its implications for the theory of general linguistics*, establece os esquemas da coordinación (ou modelos de construción) básicos e xerais para todas as linguas. Dos esquemas por el establecidos podemos indicar que son catro os que atopamos na lingua galega medieval:

1 $m_1, m_2, m_3, \dots m_n$,

(1) “Ispalida, Vbeda, Beeça, Petrosa” MS, 77, 9³.

(2) “– Maa sela tragedes,
por que a non cosedes?

Maa sela levades,
por que a non atades?” CE, 257, refrán.

(3) “... que se fezesse assý cōmo eu digo, que por nós anbos ou por cada hũ de nós escapassen de morte ...” CT, 415, 193, 38-39.

(4) “... os que aquí se dirá: Romano XI; Agustino XII; Honorato XIII; Unáelle XIII; Cresconio XV; Baula XVI; Guerdulfo XVII; Sisnando XVIII; Ildulfo XIX.” CI, 41, 19-22.

(5) “poys que vos já mal ey de conselhar,
poys que hy mays cuydades acabar,
...” CA, 29, 9-10.

2 $co_1 m_1, co_2 m_2, co_3 m_3, \dots co_n m_n$,

(6) “et tiroas do poder dos mouros ... et as tornou a sua creçça.” MS, 71, 8-10.

² As obras serán citadas coas seguintes abreviaturas: CA: *Cantigas de Amor*, CE: *Cantigas de Escarnho*, MS: *Miragres de Santiago*, CT: *Crónica Troiana*, CI: *Corónica de Iria*.

³ Os exemplos cítanse do seguinte xeito: Obra, (capítulo), número de páx./cantiga, liñas/versos. Con respecto ás Cantigas nos casos en que o exemplo forma parte do refrán é computado unha única vez con independencia das veces que o refrán se repita.

(7) “E mantene
perd’ o contene
verdadeiramente
e vai-s’ asconder,
e faz-se doente:

o noso mal non sente
e fuj’ ante’ a gente,
pola non veer.” CE, 270, 28-35.

(8) “Et poys que lle esto ouuo dito, calousse. Et Troylos lle respondeu:” CT, 318, 121, 46.

(9) “Et foise pousar con ellos a Rocha de Santiago. Et dalí endiante partíronse pra suas terras; non lle fezeron mais ajuda. “ CI, 44, 20-22.

(10) “E por Deus, senhor, tomade
mesura por gram bondade
que vós el deu, e catade
qual vida vivo coitada,
e algum doo tomade
de mi ...” CA, 127, 13-18.

3 m₁, co₁ m₂, co₂ m₃, ... co_{n-1} m_n

(11) “senõ el et outro que” MS, 38, 12.

(12) “Se m’ el-Rei dess’ algo, já m’ iria
pera mia terra de boo grado;
e, se [i] chegasse, compraria
dona fremosa de gran mercado;” CE, 269, 1-4

(13) “... ca era moy bõo et moy fremoso et bon cauleyro d’armas.” CT, 344, 130, 16-17.

(14) “Estos condes eran huun Pero Alvares de Cabreira, conde de Lemos, et outro o conde de Benavente.” CI, 44-45, 22-1.

(15) “queredede-vos de mim doer
ou ar leixade m’ ir morrer.” CA, 128, refrán.

4 m₁, m₂, m₃, ... co m_n

(16) “«Vos d’ouriente et vos d’ouçidente et voz de quatro ventos, voz de sobre Iherusalem et sobre lo tẽple, vos sobre os esposos et esposas, et vos sobre todo o poboo.»” MS, 33, 7-10.

(17) “ca falsidade,
mentira e maldade
non lhis dá logar:” CE, 280, 18-20

(18) “hu rrey moy bõo, uello et moy sabedor de çiençia ...”, CT, 303, 110, 92.

(19) “sabe que por tuas orações o teu fillo he tornado aa conpana dos santos, he perdoado de todos seus pecados et librado do poder do diablo...” CI, 53, 1-5.

Os trazos que os definen son:

1. /± presencia do relator/ axuda a establecer diferencias, desde o punto de vista formal, entre construcións sindéticas e asindéticas, e ten tal importancia que o seu carácter positivo ou negativo determina a resposta da coordinación ante os outros trazos.

2. /± enfase/: trazo directamente relacionado coa presenza de relatores con corpo fonético, dándose unha maior énfase cando hai un maior número de relatores, así nos esquemas **2** e **3**.

3. /± construción totalizadora-excluín-te/: actualizado por construcións coordinadas que presentan un relator con corpo fonético ante cada membro, serve para caracterizar o esquema **2** fronte ao esquema **3**, co que comparte todos os outros trazos. Este trazo está vinculado aos valores semánticos actualizados e así actualiza un valor de construción totalizadora na asociación, pois dá unidade a un conxunto máis amplo cá propia estrutura, xa que a relaciona e a une co anterior, dando unidade ao texto; mentres que na individuación é o trazo que permite a actualización dos valores semánticos excluín-tes, indicando que se exclúen todos os membros agás un.

4. /± indicación de termo/: actualízase cando unha construción coordinada de máis de dous membros só contén un relator que ocupa sempre a posición anterior ao derradeiro membro, polo que vén actuando como un auténtico marcador do remate da construción coordinada.

Como viñemos indicando a resposta de cada un dos esquemas a estes trazos é a seguinte:

	1	2	3	4
/± presencia do relator/	-	+	+	+
/± construción totalizadora/	-	+	-	-
/± indicación do termo/	-	-	-	+
/± enfático/	-	+	+	-

Podendo definir cada un dos esquemas como segue:

1.- É o esquema menos marcado e a única construción asindética e, polo tanto, non é enfática, nin totalizadora-excluín-te, nin indica o termo da construción:

(20) “viindo da casa ... , seendo cabo do bordo” MS, 186, 5-6.

(21) “Dixi-lh’ eu: – Per com’ el cea!

...

Disse-m’ el: – Este caminho

... “ CE, 107, 9-14.

(22) “Mays uós por njhũa gisa ño derramedes, mays estade moy ben quedos ño cãpo.” CT, 219, 4, 22-23.

(23) "... o gran tributo que así auía de pagar aos mouros ..., o gram captiverio que era en España en dar cada año tan nobres varoes ..." CI, 54, 22-25.

(24) "se me praza por que vos eu quero bem,
ese mh ar pes em, por queanto mal me vem." CA, 30, refrán.

2.- Esquema sindético, enfático, o máis enfático, totalizador-excluín-te que non indica o seu termo:

(25) "Et estando en esto gisando cōmo fazia mester para soterrarlo, et os parêtes leuãdoo ..." MS, 174, 5-6.

(26) "E o mouro foi log' ali chegado,
e cuidou-ss' ela que el pagaria
dívida velha que a ela devia;" CE, 189, 15-17.

(27) "Et acordarõ de sse yr todos armar ... Et fezérõno assý ..." CT, 220, 5, 2-3.

(28) "Et ela espantada espertouse et disolle hua voz ..." CI, 52-53, 29-1.

(29) "E pois que vos nom doedes
de min, e sol nom avedes
em cuidado,
em grave dia fui nado;" CA, 136, 9-12.

3.- Esquema sindético e non totalizador-excluín-te que comparte co esquema **2** os trazos de énfase e non indicación de termo:

(30) "ouro et ençêço et mirra." MS, 217, 14.

(31) "Don Foan disse que partir queria
quanto lhi deron e o que avia." CE, 216, 1-2.

(32) "Mays acorreulles el rrey Peleus. Et sabede que, se lles algũ pōto mays tardara,
que alý forã todos mortos ..." CTT, 221, 6, 25-26.

(33) "... dous obispados que novamente fezo et ordenou ..." CI, 53, 11-12.

(34) "... que m'agora Deus guisou
que vos vejo e vos posso falar,
..." CA, 137, 1-2.

4.- En canto á súa definición este esquema está máis próximo do **1**, non enfático, non totalizador-excluín-te, diferénciase de aquel por ser unha construción sindética que presenta un único relator con corpo fonético, que é o indicador do termo da coordinación:

(35) "primeiramente Viseu, Lamego, Duñma, Coynbra, Lugo, Orense, Padron, Tui, Mondanedo et Bragãa arçibispado" MS, 76, 1-3.

(36) "Mundo teñmos fals' e sen sabor,
mundo sen Deus e en que ben non á,
e mundo tal que non corregerá," CE, 429, 8-10.

(37) “penssou ... prender vegãça da desonrra que auja rreçebuda dos gregos, de seu padre ..., et de sua caualaría de Troya.” CT, 234, 17, 4-5.

(38) “ ... toda a España fora destruida en tempo del rey don Rodrigo, sunjugada por los mouros et feita trabutaria ...” CI, 54, 14-16.

GRAO DE UTILIZACIÓN DOS ESQUEMAS DA COORDINACIÓN

En canto ao grao de utilización dos esquemas da coordinación as cinco obras teñen un comportamento bastante similar⁴:

	1	2	3	4
CA	2,12	9,01	88,8	0,07
CE	1,02	6,39	91,5	1,07
MS	1,01	28,7	69,2	0,9
CT	0,85	21,8	77,1	0,22
CI	3,02	14,34	80,69	1,94

Como vemos neste cadro:

- escasa utilización do esquema **1**,
- menor utilización, aínda, do esquema **4**, a menor en **CA** onde só encontramos un exemplo que se poida axustar a este esquema:

(39) “Ora, senhor, tenho muyt’aguysado
de sofrer coita ...
seer eu de vos, por vos servir quanto
posso, mui desamado.

Deseg e coita e gran soidade
conven senhor, de sofrer todavia,
... en gran ben vos terria
de me darde-la morte
ca de viver eu en coita tan forte
et en tal estraidade.

Non fez Deus par a deseio tan grande
nen a qual coita sofre<re>y ...
mal direi mha ventura:
ca de viver eu en tan gran tristura
Deus, senhor, non-o mande!

E queira El, senhor, que a mha vida,
... cedo sei’acabada, ...” CA, 1-26, 149.

⁴ Os dígitos representan porcentaxes sobre a totalidade, nunca cómputos reais de exemplos.

- ampla utilización do esquema **3**,
- e, nun grao moi inferior, o esquema **2**, é o segundo máis amplamente utilizado.

A presenza do **1** e do **4** é insignificante e non ten a penas repercusión na presenza dos outros esquemas. O **2** e o **3**, que teñen en común ser os máis enfáticos, son os de máis ampla utilización, e o maior ou menor emprego dun repercute no emprego do outro:

	1+4	2+3
CA	2,19	97,81
CE	2,09	97,89
MS	1,91	97,9
CT	1,07	98,9
CI	4,96	95,03

A lírica ten toda ela un comportamento moi similar, en canto ao grao de utilización dos esquemas da coordinación, que ademais é parello ao comportamento das traducións. É na lírica onde está máis amplamente representado o esquema **3**, sendo na prosa onde atopamos maiores exemplos do esquema **2**.

Destaca a prosa galega coa **CI**, a obra máis tardía, que é a que se afasta un pouco dese comportamento ao ser a que presenta unha maior utilización dos esquemas **1** e **4**, tanto en conxunto como individualmente.

ESTRUCTURAS (BIMEMBRES, TRIMEMBRES E POLIMEMBRES⁵) PRESENTES NOS ESQUEMAS DA COORDINACIÓN

	1			2			3			4		
	2	3	+	2	3	+	2	3	+	2	3	+
CA	89,6	0	10,4	81,3	16,26	2,44	88,53	9,24	2,23	0	0	100
CE	50	36,3	13,7	64,2	18,9	16,9	79,1	13,6	7,3	0	100	0
MS	40	25	35	55,12	27,03	17,77	82,7	12,8	4,5	0	55,5	54,5
CT	80,05	7,8	12,12	67,23	26,16	6,58	84,76	11,3	4,54	0	70,8	29,16
CI	78,57	7,14	14,28	62,4	23,3	12,78	86,63	10,96	2,41	0	66,67	33,34

Todos os esquemas funcionan do mesmo xeito, no tocante ás estruturas empregadas, nas cinco obras estudadas. En todos os casos hai unha grande abundancia dos exemplos bimembres, excepción feita do esquema **4**, que pola súa propia definición ten que constar necesariamente de tres membros como mínimo.

Nos esquemas **1** e **3** as estruturas bimembres cuadruplican ou triplican ás outras, a excepción de **CE** e **MS** que no esquema **1** presentan uns valores moi semellantes, dándose un reparto case ao 50% entre bimembres, por un lado, e trimembres e polimembres, por outro.

⁵ Representadas no cadro do xeito seguinte: bimembres: 2, trimembres: 3, polimembres: +

- (40) “mal seja a ti, mal seja aos da terra de Iherusalem” MS, 34, 2-3.
- (41) “jaz ora o astroso
mui doente, mui nojoso,” CE, 95, 14-15.
- (42) “Fugamos de aquí, ca tempo he ja; ca ben sey eu que nõ poderemos chorar
quantas lágrimas nos cõuerrá ...” CT, 263, 51, 30-31.
- (43) “destrahendo mal as cousas da egllesia, dandoas en parentes et fidalgos ...” CI,
57, 14-16.
- (44) “poys que vos já mal ey conselhar,
poys per hy mays cuydades acabar,” CA, 29, 9-10.
- (45) “Baldouñ ... ; Gondalboy ... , Arnaldo de Belanda ... ; Naamã ... ; Ougel ... ;
Lanberto ... ; Sanson ... ; Constantin ... ; Bernaldo ... ; Galter ..., Gillẽ, Garĩ ... ;
Rrelo ... ; Bernaldo ... ; Gaymardo, Estramito, Theodorico; Ynorio , Beringel” MS,
101-102, 7-8.
- (46) “Pero Garcia me disse
...
Disse-m’ el: – Aventuremos
...
Dixe-lh’ eu: – Nõno faremos.
...
Disse-m’ el: – Entremos, ante
...
Dix’eu: – Ide vós deante.” CE, 181, 1-15.
- (47) “don Pedro Calus, et Achilles, Diomedes, o ardido; et el rrey Ernélaus ...;
Neutálamõs, o moy forte.” CT, 265, 53, 10-12.
- (48) “... pra que senpre çelebrasen con palio ena dita egllesia en día de Nadal,
Epifanía, Anunciaçion, Cena Domini, día de Ramos, Asçencion, Pentecoste, as tres
festas de Santa María, San Miguell, San Juan Bautista, Santiago, os días dos
Apostollos, día de todosos Santos, Dedaçon da Egllesia, San Lourenço, San
Viçenço, San Martino, San Ysidro, con outras moitas festas ...” CI, 83, 4-15.
- (49) “assi and’eu, assi and’eu,
assi and’eu, assi and’eu!” CA, 270, refrán.

No 4 mentres na lírica se produce unha diferenciación radical: as CA só presentan estruturas polimembres, fronte ás CE que só presentan estruturas trimembres; na prosa a distribución entre estes dous valores é variable, desde o reparto ao 50% dos MS, ao predominio das estruturas trimembres na CT.

- (50) “[duas sobre lo portal da fonte?, duas sobre lo portal meridian[o] et duas sobre lo
portal d’ouçidente” MS, 156-157, 10-1.
- (51) “Estas oras chega Joan de Froian,
cavalo velho, caçurr’ e alazan,” CE, 57, 26-27.

(52) “Outrosi: Durelic, Ascalona, Algaleçi et a çidade de Deydana.” MS, 76, 8-9.

(53) “Do acordo que os gregos ouueron cōmo tomarō porto em Troya et do consello que dou Palamades” CT, 305, 113, 1-2⁶.

(54) “... con totalas cousas, terras et senorios ...” CI, 72, 6-7.

No esquema 2 as estruturas bimembres duplican ás outras, sendo menos abundantes nos MS e máis nas CA. Por outro lado as trimembres son máis numerosas cás polimembres, sobre todo en CA e CT.

(55) “Et desque esto diso, sayo logo dela et ela ficou moy bẽ sãa.” MS, 16, 9.

(56) “E foi-s’ el morar a França,
e desemprou sa terra,” CE, 201, 7-8.

(57) “Et falarō moyto en aquesto, et ouueron cōsello de moytas gisas.” CT, 305, 113, 9-10.

(58) “Et confirmou todosos privilegios et donações feitas por los principes catholicos et fíees xcrisptiaaos a egllesia de Santiago, et que dende endiante ouuesesn o Santo Lugar de Santiago, que as confirma que vallan pra senpre.” CI, 72, 14-20.

(59) “E veer-m’an mui trist’e sen sabor
e por quanto aquesto entenderam, senhor,
que ...” CA, 7, 19-21.

(60) “Et ... chamey Santiago et ... sayome a seeta... Et por eso a trouxe aqui,” MS, 3, 2-5.

(61) “E, pois o fundamento aberto for,
..., pode lavar,
...; e, pois s’ acabar,
estará da madeira sen pavor;
e do que diz que revolverá,
ant’ esto faça, ...” CE, 304, 15-20.

(62) “Et fezeron logo azes das naues et mādārō quaes fossen ãna deãteyra ... Et meterō deãt çen uelas ...” CT, 307, 114, 6-8.

(63) “Et foy electo por obispo don Diego Pelaez, ... Et en este tempo os ispañooos leixaron a ley toletana ... Et o dito don Diego Pelaez floresceu por moito tempo ...” CI, 65, 3-11.

(64) “E mal dia non ensandecy
e pasesse das hervas
e non viss’ u primeyro vi,
a muy fremosinha d’Elvas.” CA, 678, refrán.

⁶ Falta a pausa entre os dous primeiro membros da coordinación, hai outro caso nesta obra dun esquema 1 sen pausa. O editor sinala que na *Historia Troiana*, manuscrito bilingüe de Santander, aparece nese lugar o coordinador et.

(65) “et hũu rei mouro ... entrou a Espana et conquereua toda et tomou os castelos et as vilas; et os cristiãos que estauã dentro por Calros, poseos fora et matoos.” MS, 85, 3-6.

(66) “E, Don Pedro, os beijos lh’ er pôede
a esse cuu, ...,
e granhon ben feito lhi fazede
e faredes o cuu ben arrufado;
e punhade logo de o encobrir.” CE, 340, 15-21.

(67) “Et os outros ... rreçebíãnos moy brauament, et dáuãsse cõ elles ... golpes ...; et quebrauã as lanças ...; et puxáuasse dos corpos, et feríasse mãtenêt ... Et tãtos ficarõ mortos ... que ... nõ podiã seer osmados.” CT, 311, 116, 97-102.

(68) “Et enton o señor Santiago lançou enos mouros tanta desinteria ..., que os mais ... morreron ... Et quando Almeçor veu tanto mal preguntou, cuia era aquella cassa ... Et diseronlle: que era do Apostollo Santiago... Et quando Almeçor esto oyeu, con gran temor fogueu ...” CI, 62, 10-24.

(69) “Nen me val Deus, nen me val mia senhor,
nen qual ben lh’eu quero, des que a vi,
nen meus amigos non me valen i!” CA, 674, 13-15.

É no esquema **3** onde se producen as maiores similitudes entre todas as obras, neste esquema as estruturas máis abundantes son as bimembres e as máis escasas as poli-membres.

(70) “porque o chantres querraa leuar para Braagã, e tu para a igeia de Santiago.” MS, 65, 7-9.

(71) “poi-lo ben faç’ e ei [i] gran sabor.” CE, 222, 28.

(72) “... hu sse ajuntarõ, de hũa parte et da outra, ...” CT, 311, 116, 101.

(73) “... carteousse con el rey Veremundo et con o dito conde don Rodrigo ...” CI, 62, 1-2.

(74) “Choran e cegan quand’ alguen non veen,” CA, 273, 5.

(75) “a gente de França moy boa et moy bẽ vestida e de moy fremosa façe” MS, III, 85, 23-24.

(76) “Elvira López, que mal vos sabedes
vós guardar sempre daqueste peon,
que pousa vosc[o], e á coraçon
de jazer vosqu’ , e vós non lh’ entendedes;” CE, 205, 1-4.

(77) “... sofreu moytas coytas et rreçebeu moytos golpes et fezera moy ben aqyel día ...” CT, 311, 116, 103-104.

(78) “... roubaron omes ... et poínan fogo et destroíron a terra ata Conpostella.” CI, 59, 28-29.

(79) “Par Deus, senhor, viçoso viver ia
e en gran ben, e en mui gran sabor ...” CA, 278, 8-9.

(80) “Eu dom Torpī, arçbispo de Rreens ... Et don Rrulan ... et Oliueiros ... ; et
Estultus” MS, 100-101, 7-2.

(81) “Podedes en bafordar
e o tavlado britar,
e non vos rengerà; e ar
andaredes i melhor
ca na sela rengedor;” CE, 262, 15-19.

(82) “... era moy fremoso et moyto ensinado et moy de prol et moy ardido et moy
orguloso.” CT, 319, 121, 58-59.

(83) “... non usaba directamente como deuía, nin era boo catholico, nin regia ben a
eglesia, nin trataua ben o poboo ...” CI, 60, 20-22.

(84) “Muitas vezes en meu cuidar
ei eu gran ben de mia senhor;
et quant’ ali ei de sabor,
se mi-ar torna pois en pesar,
des que m’eu part’; e nulha ren
me non fica d’aquel gran ben,
e non me sei conselh’ achar.” CA, 325, 1-7.

A obra que se destaca fronte ás outras neste apartado é **MS**, pois é onde hai as menores diferencias no emprego dunha ou doutra estrutura, sempre que nos refiramos aos esquemas **1**, **2** e **4**.

VALORES SEMÁNTICOS ACTUALIZADOS EN CADA UN DOS ESQUEMAS DA COORDINACIÓN

Hai que ter en conta, en primeiro lugar, cales son os valores semánticos que atribuímos á coordinación. Os trazos que os definen son os seguintes:

1. /+ **asociación**/ que daría lugar á coordinación asociativa. A súa vez esta pode ser:
 - 1.1. /+ **positiva**/: indica unha simple asociación e está actualizada fundamentalmente por ET. Neste caso podemos estar tamén, en ocasións, ante o seguinte trazo:
 - 1.1.1. /+ **enfática**/: pon de relevo a asociación mesma, e normalmente é actualizada polo relator ET MAIS, no esquema 3, en estruturas bimbres.
 - 1.2. /- **positiva**/: indica unha asociación de carácter negativo, é dicir, nega todo tipo de asociación, e está actualizada fundamentalmente por NEN.

2. /+ individuación/: individualiza un dos elementos da coordinación, de dous xeitos:

2.1. /- excluínite/: a simple individuación, normalmente actualizada polo relator OU.

2.2. /+ excluínite/: onde se exclúen todos os elementos da coordinación agás un. Este valor semántico só se actualiza no esquema **2**, co que está directamente relacionado, pois para que se dea este valor semántico cómpre a presenza dun relator con corpo fonético ante cada membro da coordinación. Este valor actualízase de dous xeitos:

2.2.1. excluínite propiamente dito, fundamentalmente actualizado polo relator OU.

2.2.2. /+ asincrónico/: exclusión produto da incompatibilidade temporal dos elementos da coordinación, non presenta unha preferencia clara por ningún tipo de relator.

Nas obras obxecto do noso estudio os valores semánticos da coordinación teñen o valor porcentual seguinte, en cada esquema:

	1			2			3			4		
	ET	NEN	OU	ET	NEN	OU	ET	NEN	OU	ET	NEN	OU
CA	100	0	0	87,8	8,13	4,06	81,19	15,6	3,21	100	0	0
CE	100	0	0	72,2	17,5	10,2	84,4	11,6	3,88	91,3	8,6	0
MS	100	0	0	98,7	0,3	0,8	95,2	3,82	1,6	100	0	0
CT	98,49	0	1,51	98,68	0,48	0,73	86,35	6,04	6,29	100	0	0
CI	96,43	3,57	0	99,24	0	0,76	97,06	2,27	0,66	94,45	0	5,55

Habitualmente adóitase considerar que no esquema **1** se actualiza o valor asociativo positivo, pois este é o valor menos marcado, e así é na maioría dos casos en todas as obras.

(85) “Señor: eu byeygo o teu nome ... ; pidoche” MS, 221, 21-22.

(86) “paz, cortesia,
solaz, que avia
fremoso poder,” CE, 280, 46-48.

(87) “... dez mill caualeyros que aló están, que eu enviey deãt.” CT, 321, 121, 124.

(88) “... destroindo as onrras das dignidades da eglesia, levantando os rapazes et pastores en ela ...” CI, 60, 17-18.

(89) “per bon-prez e per bon-falar
per bon-sen e per parecer.” CA, 411, 10-11.

En todas excepto en **CI** e **CT** onde atopamos un exemplo de valor asociativo negativo e outro de valor individuador, respectivamente:

(90) “que non se apagauan de día, de noite” CI, 42, 9.

(91) “Et así fuy enganado, et no sey per mazela, se por al,” CT, 692, 464, 7.

Algo semellante ocorre co **4**, xa que neste caso a maioría dos exemplos soe ser asociativa positiva.

(92) “A segunda he de San Pedro apostolo ..., a terceira de San Miguel de Çisterna, a quarta he de San Martino ..., a quinta he de ..., a sesta de ..., a septima he de ..., a nona de ..., [et a dezema he de” MS, 153-154, 5-5.

(93) “Cômian ...
cabritos, cachaç’ e ansarinhos,” CE, 154, 11-12

(94) “... os outros que erã seus yrmãos bastardeos, que seu padre ouuera de gaãça, que o fezeron moy ben aquela vez et que derõ moytas feridas ...” CT, 351, 134, 36-38.

(95) “...acrecentou as onrras, dignidades, familias, rendas et votos ...” CI, 61, 11-12.

A excepción de **CE** e **CI**, en que atopamos un reducido número de exemplos, dous e un respectivamente, non por iso menos significativos, de asociacións negativas e individuadora.

(96) “non s’ alevant’ ergo su o bardon;
non corre senon pelas mataduras;
nen traz caal,” CE, 144, 9-11

(97) “Netas de Conde, viúvas nen donzela,
essa per ren nõna quero eu leixar,” CE, 285, 9-10

(98) “... se alguun arcebispo, enperador, rey, principe, duque, marques, conde, juíz ou outra qualquer persona ...”, CI, 72, 20-23.

No esquema **2**, o valor asociativo positivo ten unha grande importancia, superando o 87% dos exemplos en todos os casos, excepto nas **CE**, sendo na lírica onde acada os valores máis baixos e onde, polo tanto, hai unha maior porcentaxe de exemplos asociativos negativos e individuadores. Na prosa vemos que na **CI** non atopamos o valor asociativo negativo, que é residual nos **MS** e na **CT**. Tamén o valor individuador é residual en toda a prosa, destacando a ausencia do valor excluínte non asincrónico na **CT** e do excluínte asincrónico na **CI**.

(99) “Et asi en aquel tempo fui Galiza liurada do senorio dos mouros ... Et despois foy senpre onrrada ata este presente día, ãna creëça de Deus.” MS, 132, 14-17.

(100) “E quando o conde ao castelo chegou ...
... enton o cuitelo tirou; e disse-ll’ un bispo:” CE, 78, 27-28.

(101) “Et nós oie fezémoslle moy grã dãno et matámoslles moytos caualeyros ...” CT, 353, 136, 11-12.

(102) “Et el rey ... fizo obispo da eglesia de Santiago a don Pero...; et el rey fezo logo tornar o bispo don Diego aas cadeas ...” CI, 66, 17-22.

- (103) “E, mia señor, quer’ eu puñar
se me posso salvar, se non;
e diré-lhes a quantos son
que mi-o non poderam provar;” CA, 415, 15-18.
- (104) “nẽ aqui nẽ suso nos çeos.” MS, 230, 14-15.
- (105) “nen quen, nen como, non quero dizer” CE, 281, 12
- (106) “... nehũ home podesse trautar, nẽ en feyto, nẽ en dito.” CT, 391, 166, 19-20.
- (107) “contra vos nen esto, nen al.” CA, 424, 9.
- (108) “et ameçarõna que ou a matarian ou lles mostrase onde tina a carne.” MS, 42-43, 20-21.
- (109) “soías tu guarecer
...
ou ben ou mal,” CE, 222, 1-3.
- (110) “... ou por casso ou por treißom foi afogado eno rio do Miño.” CI, 63, 12-13.
- (111) “Ca se vos fosse ou prez ou loor ...” CA, 132, 8.

Hai que ter en conta que é neste esquema no único en que aparecen os valores excluínates e asincrónicos da coordinación individuadora, sendo maioritarios os primeiros con respecto aos segundos, coas excepcións mencionadas da **CT** e a **CI**. Os exemplos excluínates asincrónicos teñen o seguinte valor porcentual, con respecto á totalidade da individuación: **CA** 10,26 % (4 exemplos), **CE** 6,66 % (6 ex.), **MS** 16% (4 ex.), **CT** 4,22% (9 ex.). Vemos así que a lírica ten un comportamento similar á prosa, en que contrasta a abundancia relativa dos **MS** fronte á escaseza da **CT**, a pesar de ser a obra que ten máis exemplos e maior variedade de relatores, sen esquecer a ausencia deste valor semántico na **CI**.

- (112) “andauã apalpando quando as pedras, quando as paredes,” MS, 229, 8-9.
- (113) “Todo los rromeus de Santiago, quer pobres quer ricos” MS, 170, 4.
- (114) “leuarõno d’ali cõ grã traballo aas veçes [en] besta, aas veces de pee,” MS, 176-177, 17-1.
- (115) “enpuxaume ... hora a hũu cabo ora a outro.” MS, 8, 8-9.
- (116) “ben sabes tu que é trobar
ben quanto sab’ o asno de leer.” CE, 222, 6-7.
- (117) “d’ irdes por entendedores filhar
sempre quand’ amas, quando tecedores?” CE, 251, refrán.
- (118) “Por Don Foan en sa casa comer
quer ben, quer mal” CE, 406, 1-2.
- (119) “Por en sa casa comer com’ el quer
quer ben quer mal” CE, 406, 8-9.

- (120) “quer de cavalo quer de pé,
que se querrá migo matar;” CE, 162, 26-27.
- (121) “que sempre vos aguardei
quer a pee quer de cavalo;” CE, 167, 3-4.
- (122) “ben dez mill caualeyros deles ou mays.” CT, 352, 134, 50-51.
- (123) “ben sesseêta caualeyros preçados ou mays ...” CT, 379, 156, 20.
- (124) “hũ por hũ, quando a pe, quando a caualo ...” CT, 407, 182, 9.
- (125) “... trage as cousas, quando arriba quando ajuso, ...” CT, 250, 36, 13.
- (126) “yría cõel, quer fose bem, quer mal.” CT, 577, 344, 7.
- (127) “... eu quero que ande seguro ..., quer seja néyçeo ou de mao rrecado ...” CT, 294, 103, 6-7.
- (128) “... et o que á de seer nõ se pode escusar, quer uena a torto, quer a dereyto.” CT, 634, 395, 20-21.
- (129) “... tragía quen tres caualeyros, quen quatro, quen seys.” CT, 301, 110, 25-26.
- (130) “Et poucos auja y que o nõ fossen, que por amjgo, que por parêt.” CT, 362, 142, 39-40.
- (131) “mais eu, ja que moira, quer non;” CA, 269, 10.
- (132) “quer me queyrades, senhor, bem, quer mal,
poys me de vós non ueer ma, nem rrem.” CA, 24, 5-6.
- (133) “quer me queyrades bem, quer mal, senhor,
poys mal, nen bem de vós non ey d’aver.” CA, 24, 11-12.
- (134) “quer me queyrades bem, quer mal, quer non
pois eu de vós mal, nen bem non ouuer.” CA, 24, 17-18.

No **3** o valor asociativo positivo é tamén maioritario en todas as obras. O asociativo negativo ten valores semellantes na lírica, descendendo en importancia na **CT** e aínda máis en **MS** e **CI**. A individuación destaca na **CT** fronte ás outras obras en prosa, onde ten un valor moito menos importante, quedando a lírica a medio camiño.

- (135) “aquele home foi preso et ferido” MS, 33, 11.
- (136) “que non pode ome saber seu talan,
e en mais de cen logares a veran
deitar, mais pouco é sa ficada;” CE, 335, 9-11.
- (137) “... dizẽ que fora morto et que o matara eno algarue ...” CT, 696, 465, 4.
- (138) “... Fernan Rodríguez de Leyra, juiz de Vellestro et coengo de Santiago.” CI, 94, 21-22.

- (139) “Senhor, oj’ ouuess’ eu vagar
Deus me dess’ end’ o poder,
e vos eu podesse contar ...” CA, 135, 1-3.
- (140) “nõ queirades del auer mayor piadade ca sua madre, nẽ vos espantar mais que eu” MS, 43, 7-8.
- (141) “muito mal-ome, que non entendeu
o que fazia, nẽ soube catar” CE, 337, 9-10.
- (142) “... nehũ noio de dentre nẽ de fora.” CT, 367, 149, 4.
- (143) “... fezeran decreto que a eglesia conpostellana non fose acreçentada nin mais soblimada ...” CI, 81, 30-33.
- (144) “por tam bem andante
que por rei nem infante
des ali endeante
nom me cambharia.” CA, 139, refrán.
- (145) “juyzos de Deus ou dos homes” MS, 132, 11.
- (146) “se no talho erro non prendedes
ou en essa saia que vós traguedes;” CE, 373, 16-17.
- (147) “... fazer algũa paz ou algũa amizade ...” CT, 366, 148, 8-9.
- (148) “... cometía a consegraçon do dito esleito ao bispo Magalomen, ou ao obispo de Burgos ...” CI, 77, 19-21.
- (149) “Por end’a min conven, querend’ou non,” CA, 147, 22.

Como vemos a presenza dun ou doutro valor semántico está relacionada co tipo de esquema, dándose, por regra xeral, unha grande presenza do valor asociativo positivo fronte aos outros valores, que só destacan na lírica e son residuais na prosa. Destacan ademais as **CE**, a **CI** e a **CT** pola presenza de valores non asociativos positivos nos esquemas **1** e **4**.

Relatores empregados

Na asociación positiva o relator empregado é a forma latinizada **ET**, aínda que tamén atopamos a forma **E** nas **CE**, maioritariamente nas **CA** e excepcionalmente na **CI**. Na asociación positiva enfática o relator empregado é **ET MAIS**, atopando exemplos deste relator complexo nos **MS** (2 exemplos), **CI** (1 ex.) e **CA** (3 ex.), sempre no esquema 3:

- (150) “Desaventurada madre et mais desaventurado fillo!.” MS, 42, 13-14.
- (151) “eles por lo acompañar et mais por amor de Santiago”⁶⁴, MS, 201, 8-9.
- (152) “Por revelaçon foy alguuns homes ... demostrado et apertamente viian grandes lumes de candeas arder ... Et mais que oían ende continuamente grandes cantares de angeos.” CI, 42, 3-11.

- (153) “quanto ben avia, perdi ...
E mais vos ar quero dizer: ...” CA, 280, 4-6.
- (154) “vos sodes mia morte ...
E mais ... ¿por que vo’-lo ei eu ja mais a dizer? ...” CA, 426, 2-3.
- (155) “Mui sen ventura per serei,
se lh’o agora ja negar’, ...
E mais ¿por que lh’o negarei?” CA, 428, 25-28.

Na asociación negativa atopamos NEN, grafado con til de nasalidade (**MS**), ou con consoante -n (**CE, CA, CT**) ou -m (**CA**), e a forma NIN na **CI**.

- (156) “hun-a maravillosa obra, nẽ he moyto grande, nẽ moyto pequena” MS 159, 8-9.
- (157) “nen nunc’ amou mulher nen seu solaz,” CE, 365, 10.
- (158) “... que nũa nihũ deles escapase, nẽ tornase a sua terra, ...” CT, 696, 466, 6.
- (159) “... non fosen subjectos nin fosen sufreganos ...” CI, 72, 11-12.
- (160) “en que nunca pod(e) home veer mal,
nen saberá ...” CA, 158, 24-25.
- (161) “Da sa bondade e seu prez muy loado
e sa mesura, nem do seu bom sem” CA, 157, 8-9.

Na individuación o relator comunmente empregado é OU, salvo erro como os rexistrados na **CI**, onde aparece a forma O.

- (162) “cõprar por ouro ou por prata?” MS, 54, 3-4.
- (163) “vosco, senhor, devia-m’ a matar
ant’ ou seer ao Dem’ encomendado.” CE, 400, 23-24.
- (164) “... ca se as nõ virã ou a luz tã çedo nõ chegara ...” CT, 697,466, 35.
- (165) “... huna faneiga de trigo, ou de pan ...” CI, 56, 27-28.
- (166) “... mort’ ou mui gran pesar,” CA, 253, 14.

Nas exclusións asincrónicas atopamos os seguintes relatores, como podemos comprobar nos exemplos (112)-(134):

- | | |
|-------------------------------|--|
| – aas veces ... aas veces ... | (MS) |
| – hora ... ora ... | (") |
| – quando ... quando ... | (" , CE, CT) |
| – quer ... quer ... | (" , " , " , CA) |
| – ben ... ben ... | (CE) |
| – quer ... ou ... | (CT) |
| – quen ... quen ... | (") |
| – ben ... ou ... | (") |
| – que ... que ... | (") |

Vemos que o relator complexo QUER ... QUER ... é o único empregado en todas as obras en que se actualiza este valor semántico, sendo o único que aparece nas **CA**. O relator que lle segue en importancia, en canto ás súas ocorrencias, é QUANDO ... QUANDO ..., presente en catro exemplos.

CONCLUSIÓNS

As conclusións que podemos extraer, obra a obra seguindo unha orde cronolóxica, que dalgún xeito as caracterizan, diferencian e agrupan, son as seguintes:

Lírica

Analizaremos conxuntamente as **CA** e as **CE** debido as grandes similitudes que se producen entre estas dúas obras.

Como xa indicamos, as obras poéticas estudadas foron escritas entre os anos 1.200 e 1.350 e chegaron a nós a través de copias das que destacaremos: o **Cancioneiro da Ajuda**, o máis antigo, de finais do século XIII, e que só contén cantigas de amor, o **Cancioneiro Colocci-Brancuti**, copia realizada en Italia nos primeiros anos do século XVI e o **Cancioneiro da Biblioteca Apostólica Vaticana**, que tamén foi realizada en Italia nos inicios do XVI. Trátase das obras máis antigas do corpus estudado.

Destaca na poesía o grande emprego do esquema **3**. É nos esquemas enfáticos onde podemos apreciar diferencias entre a prosa e o verso, maior presenza do esquema **2** na prosa, maior presenza do esquema **3** na poesía. Con respecto aos esquemas **1** e **4** destacaremos as **CA** pola escaseza de exemplos do esquema **4**, soamente un nunha cantiga que podería ser reinterpretada.

Hai predominio das estruturas bimembres en todos os esquemas e presenza de todos os valores semánticos da coordinación. É na poesía onde hai a menor variedade de relatores para actualizar a individuación excluínte asincrónica, especialmente nas **CA**, tendo un valor porcentual, con respecto ao total da individuación, superior ao da **CT**, pero inferior ao dos **MS**.

Poderíamos dicir, a xeito de resumo, que a lírica galega medieval se destaca pola súa variedade na actualización de valores semánticos na coordinación e polo abundantísimo emprego do esquema **3**.

Prosa

A Crónica Troiana

Traducción da versión castelá de Afonso XI do texto de Benoît de Sainte-Maure, rematada en 1.373 e na que interviñeron varios escribas.

Hai que destacar nesta obra a grande presenza do esquema **2**, que reduce a ampla presenza do esquema **3**, que é o maioritario, como en todas as obras, sendo só superada neste aspecto polos **MS**. Hai tamén un predominio das estruturas bimembres, predomi-

nio do valor semántico asociativo positivo e escasa presenza dos outros valores semánticos, aínda que maior que a que atoparemos na **CI**, a pesar da ausencia do valor individuador excluínte non asincrónico.

Os Miragres de Santiago

Traducción incompleta do *Codex Calixtinus* e de catro milagres procedentes de distintas fontes, todas latinas, realizado a finais do XIV, principios do XV, onde se nota a man de tres copistas.

Como en todos os casos predomina o esquema **3**, pero é nesta obra onde se produce a maior presenza do **2**, e polo tanto a menor do **3**, aínda que seguindo a regra xeral da escasa representatividade dos esquemas non enfáticos. Destaca fronte a todas as outras obras por ser aquela en que se producen menores diferencias en canto ás estruturas empregadas en cada esquema e, polo tanto, por ser aquela en que hai maior presenza de trimembres e polimembres.

Ten unha variación semántica semellante á da **CT**, obra coa que se emparellaría, fronte á **CI**, e coa que ten en común o feito de ser unha traducción, aínda que do latín. É a obra con maior presenza porcentual de exemplos individuadores excluíntes asincrónicos, superando con moito á **CT**, a pesar de ter a metade de exemplos ca esta e menor variedade de relatores. Neste aspecto os **MS** superan incluso ás obras poéticas.

A Corónica de Iria

Texto galego do XV, o autor declara ter rematado a obra en 1468, sendo un texto de grande valor por ser case o único orixinal galego.

É a que presenta unha maior presenza dos esquemas **1** e **4** fronte a todas as outras obras e a pesar de que seguen sendo esquemas minoritarios. Presenta tamén preferencia polas estruturas bimembres e polo valor asociativo positivo, e neste caso hai que destacar a ausencia do valor asociativo negativo e do individuador excluínte asincrónico no esquema **2**, ademais é a obra cunha menor presenza da individuación, o que nos leva a considerar que se trata da obra con menor riqueza de valores semánticos da coordinación.

Como dicimos, estamos ante a obra con menor riqueza de valores semánticos, polo oposto ás cantigas, ás que se contrapón tamén polo feito de ser aquelas as obras máis antigas, e esta a máis recente, no noso estudio.

BIBLIOGRAFÍA

Corpus

Cantigas de Amor, compendio realizado no Departamento de Filoloxía Románica, Facultade de Filoloxía, USC, mecanografado.

Cantigas d'escarnho e de mal dizer, ed. e est. crít. de M. Rodrigues Lapa, Vigo, Galaxia, 1970.

Corónica de Santa María de Iria, ed. de Jesús Carro García, Santiago de Compostela, Cuadernos de Estudios Gallegos, Anexo V, 1951.

Crónica Troiana, ed. e est. crít. de Ramón Lorenzo, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, Colección Documentos Históricas, 1985.

Miragres de Santiago, ed. e est. crít. de X. L. Pensado Tomé, Madrid, CSIC, 1958.

Obras de interese

Barrenechea, A. M., “Problemas semánticos de la coordinación” *Homenaje a Rosemblat en sus setenta años*, Caracas, Instituto Pedagógico, 1979, pp. 83-96.

Cardona-Castro de Gibert, A., “Estudio gramatical sobre el nexa cero”, *Yelmo*, nº 6, 7 e 8, xuño-novembro 1972, pp. 13-15, 19-23, 13-23 (respectivamente).

Dacosta Alonso, M., *A coordinación no galego medieval*, Tese de licenciatura, Universidade de Santiago de Compostela, 1992.

Dik, S., *Coordination. Its Implications for the theory of General Linguistics*, Amsterdam, North-Holland, 1968.

Franchini, E., *Las condiciones gramaticales de la coordinación copulativa en español*, Bern, Románica Helvética, vol. 102, Francke Verlag, 1986.

Fukasawa, M., “La coordinación disyuntiva en español: aspecto sincrónico”, *Rilce*, t. 1, nº 1-2, 1985.

Henry, A., “Transformation de la subordination en coordination?”, *Cahiers Ferdinand de Saussure*, nº 23, 1966.

Jiménez Juliá, T., “La llamada coordinación negativa en español”, *Verba* 11, 1984, pp. 213-243.

—, “Disyunción exclusiva e inclusiva en español”, *Verba* 13, 1986, pp. 163-179.

—, “La construcción coordinativa en español”, *Verba* 14, 1987, pp. 271-345.

—, “Enzo Franchini, *Las condiciones gramaticales de la coordinación copulativa en español*” (recensión), *Verba* 15, 1988, pp. 453-457

—, *La coordinación*, mecanografiado.

López Gato, Rosa María, “A negación total ou conxexional en galego medieval”, *Homenaxe ó profesor Constantino García*, Tomo I, Santiago de Compostela, Departamento de Filoloxía Galega-Universidade de Santiago de Compostela, 1991

Meillet, “Le renouvellement des conjonctions”, *Linguistique historique et linguistique générale*, París, Champion, 1926.

Pike, Evelyn G., *Coordination and Its Implications for Roots and Stems of Sentence and Clause*, Lisse/Netherlands, The Peter De Ridder Press, 1974.

Pottier, B., *Systématique des éléments de relation, étude de morphosyntaxe structurale romance*, París, Librairie Klincksieck, 1962.

Rojó, G., “Sobre la coordinación de adxetivos en la frase nominal y cuestións conexas”, *Verba* 2, 1975.

Ros García, Juan, “Sobre la coordinación en español”, *Homenaje al Profesor Muñoz Cortés*, t. II, Murcia, Universidad de Murcia, 1976-77, pp. 647-657.

Sandmann, M., “Problemas de Parataxis”, *Actas del XI Congreso Internacional de Lingüística y Filología Románica*, Madrid, t. III, CSIC, 1968.

—, “«Et» de fermeture et «et» de continuation en français moderne”, *Expériences et critiques. Essais de linguistique générale*, París, ed. Klincksieck, 1973.

Serra Alegre, Enrique: *La coordinación copulativa con ‘y’: condiciones de coordinabilidad*, Castelló, Universidad de Valencia, Colegio Universitario de Castellón, 1987.

— e Briz Gómez, E. A., “Artículo y coordinación: dos manifestaciones superficiales de la coherencia textual”, *Millars* VIII, 1985, pp. 149-160.

Stempel, W. D., “Para o estudo da conjunção “E” na prosa narrativa do portugués medieval”, *Boletim de Filologia* XVIII, 1959.

Tato, J. L., “Sobre la coordinación”, in Sánchez de Zavala, (ed.), *Estudios de Gramática Generativa*, Barcelona, Labor, 1976.

Wartburg, W. von, *Évolution et Structure de la Langue Française*, Berne, ed. A. Franke S. A., 1946 (6ª ed.).

Zeiter Zeiter, B., “La yuxtaposición”, *Boletín de Filología de la Universidad de Chile* XIX, 1967.